



dossier 2026



**BLA  
BLA  
BLA**

**LAZZAR**

Zënzar, os “**padriños do rock en galego**”, celebran trinta e sete anos de rock and roll sobre os escenarios cun novo traballo discográfico e cun novo membro na súa formación, mais ca súa enerxía característica intacta.

\*coñecidos así dende o 2013, ano no que se edita un disco homenaxe sorpresa, *Vai polos padriños!*, para o que varias bandas do panorama musical galego interpretaron unha serie de cancións do grupo.

## Novo disco

Neste ano 2026, os de Cerceda presentan o EP *Bla, bla, bla*, un disco que contén cinco cancións inéditas, unha revisión do clásico *Ratos no hórreo* e catro cancións en directo do concerto do 35º aniversario na sala Capitol (23-12-2023). Con *Bla, bla, bla*, Zënzar continúa coas temáticas de denuncia, os ritmos contundentes e a urxencia das súas melodías, fieis á súa filosofía á hora de facer música.

O disco foi gravado nos Estudios Bonham en decembro de 2025 e abre cun tema titulado *Parabéns*, que a banda dedica a todas as persoas que a apoiaron –e apoian– concerto tras concerto durante décadas. Este tema é presentado cun videoclip gravado no Disco Pub Non Sei (A Silva, Cerceda), lugar onde deron o seu primeiro concerto en decembro de 1988.

A sexta canción é unha revisión do clásico *Ratos no hórreo* (do disco “*Todo vai ben*”, 2001) coa **colaboración de dúas voces amigas: a de Juankar Boikot e a de Manolo Kabezabolo.**

Zënzar coa nova formación.

De esquerda a dereita: Laura Romero (baixo), Manolo García (batería), Gonzalo Grela (guitarra), Mario Grela (guitarra) e Xosé Antón Bocixa (voz)

Foto de Juan Luis Rúa (2026)



## Os directos

Os concertos de Zënzar son enérxicos, directos e compactos. A base rítmica imparabile de batería e baixo eléctrico, as dúas guitarras en constante diálogo e a súa voz icónica son amplificadas polo traballo do seu técnico de son, **Roi Gil** (Display os Power, Obskkvlt).

Os de Cerceda constrúen, dende a primeira canción, unha complicidade total co público. O repertorio é 100% en galego e inclúe temas clásicos da banda -*A tribo, Tiven un bar, Arrastrado, Camilo*- con cancións de recente creación.

## Nova formación

Trala saída de Paco Cerdeira (guitarrista dende o 2006 ata o 2026), incorpórase **Gonzalo Grela, abrindo así unha nova etapa na banda**. Amigo e seguidor de Zënzar dende os seus comezos con Sensacha, Gonzalo Grela aporta agora o seu son distorsionado, afiado e potente habitual en Machina ou Broa.

## Outros proxectos

Zënzar prepara o seu directo sen descoidar a composición de novos temas. O seu proxecto anterior máis soado foi a edición do libro biográfico *A culpa foi de Zënzar. 35 anos de rock en galego*, ideado e narrado pola ilustradora –e baixista da banda dende o ano 2016– Laura Romero. Neste libro, dispoñible [aquí](#), faise un percorrido a través da conversa con máis de 50 persoas pola historia da banda e doutras bandas que fixeron de Cerceda un auténtica factoría do rock'n'roll e da contracultura galega.



Foto de Juan Luis Rúa (2026)

**Xosé A. Bocixa** ·voz·

Membro fundador de Zënzar, realizador de documentais e traballos audiovisuais en xeral, guionista e produtor de eventos. Traballou en radio máis de 15 anos e é membro activo do asociacionismo galego (Burla Negra, Amelga...).



**Manolo García** ·batería·

Membro fundador de Zënzar, batería e letrista. Tamén colaborou con grupos coma Kastomä, Chícharo Psicótico ou a Banda Meljacha. Ex-batería do grupo 12 Labirinto, onde se reencontrou con Manuel Silveira, ex Zënzar e miembro fundador.



**Mario Grela**  
·guitarra y coros·

Guitarrista e compositor de gran parte do repertorio de Zënzar dende a súa incorporación en 1997, despois de disolverse o seu primeiro grupo, Nasser. Actualmente é guitarrista, vocalista e compositor de outro grupo, Caudillos.



**Laura Romero** ·baixo·

Ilustradora profesional. Debido a elo, aporta a Zënzar a gran maioría de traballo gráfico dende a súa chegada no 2016. É a autora do libro sobre a historia da banda *A culpa foi de Zënzar. 35 anos de rock en galego*.



**Gonzalo Grela** ·guitarra·

Foi fundador e integrante de bandas coma Sensacha o Machina. Actualmente é tamén guitarrista e voz principal en Broa.



# CONTRATACIÓN

contratacion@zenzar.info

lobicanproductions@gmail.com

620 59 90 07 (Xosé A. Bocixa)

663 41 83 31 (Iago Hermida |  
Lobicán Produccións)

# CONTACTO

contratacion@zenzar.info

620 59 90 07 (Xosé A. Bocixa)

676 22 20 17 (Laura Romero)

www.zenzar.info

